


A FONTE *das* AUGAS de SAN XUYÁN (A Roda)



↓ Everardo Fernández González

San Xuyán é un llugar da parroquia del Monte, na Roda (Tapia), que nun ten máis que dúas casas, hoi deshabitadas. Ta a pouco máis d'un quilómetro da capital da parroquia y chégase por úa pista que ta alquitranada desde hai poucos anos: antias era un mal camín chen de llama que nel inverno, pra nun moyar os pés, había qu'ir saltando de vallado en vallado.



A bonda con dicir qu'as mozas d'aquellas casas —había dúas en cadúa—, condo salían, iban calzas en galochas hasta a Casa del Pincho, que ta a un quilómetro, pro na veira da carretera, y allí cambiábanse. El camín que chegaba ás casas seguía hasta os prados del Molín Veyo, deixando de ser camín pra convertirse nun pésimo caleyón costoso y chen de pedras de lo máis malo que nos podemos figurar, que nun sei cómo os probes podían subir por él cuas cargas d'herba. El caleyón inda ta allí, pro muito máis pésimo qu'antes: agora ta zarrado d'artos y totalmente abandonado, igual qu'os prados que servía. Na mesma veira d'este caleyón nace A Fonte das Augas. El auga é ferruxenta y faise eco d'ella D. Valentín Fernández, médico que foi de Tapia, nel llibro qu'escribiu nel ano 1932, *Toponimia médica del concejo de Tapia*, xunto con outras tres qu'había nel conceyo.

Eran muitas as personas qu'iban buscar botellas d'auga. Beber d'esa auga dicían que curaba —según aclaracións que fai D. Valentín— anemia, clorosis, enfermidades del estómago y tuberculosis. Tamén pinta qu'abría muito el apetito. Pro non sólo acudían a ella personas dos lugares de cerca. Pasaban grupos peleginando, según nos detallou Dña. M^a Victoria Díaz Castañeira, da Casa da Rebollada de Campos, nel pregón que deu nel ano

1999 nel comenzo da Semana Cultural. A fonte ta allí, pro temos medo que desapareza porque aquel entorno entró en reconcentración parcelaria y é de supoñer qu'aquel sito seña transformado, qu'a fonte quede sepultada y qu'aquel pedacín da historia pase —como muitas máis cousas— al esquecido. Úa fonte, ademáis, que tanto aprecio y a tantas personas curóu porque, se nun era el auga, era a fe qu'a xente tía con ella.

Nun foi solamente A Fonte das Augas a que ye deu a San Xuyán muito que falar. Pr'aclarallo, volvo al pregón de M^a Victoria da Rebollada, copiando traducido lo que nos dixó: «Púxenme a revisar us documentos que datan del siglo XVI y que cuntan algo que na familia sempre soupemos por transmisión oral: a existencia da capiya de San Xulián que pertencía á parroquia de Santa María del Monte. Os restos d'esta capiya, al pé da casa veyá (mui antiga) da Rebollada, permanecen nel prado de San Xuyán». Noutro apartado, M^a Victoria sigue: «A capiya y os santos, que se recordan de muita valía, sobre todo San Xulián, pasan a formar parte da imaxinaria de Santa María del Monte y posteriormente al obispado. Desconecemos a súa situación».

Esto foi lo que nos cuntóu M^a Victoria, us datos de muito interés prá conocer el pasado d'estas terras. Así, pouquín a pouco, é como se vai amañando a nosa historia local. 